



# PLAN DIXITAL

## CPI de Xanceda

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1.Introdución

- 1.1.Datos básicos do centro
- 1.2.Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3.Breve xustificación do mesmo
- 1.4.Proceso de elaboración

## 2.Situación de partida

- 2.1.Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3.Análise DAFO

## 3.Plan de Acción

- 3.1.Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4.Avaliación do PD

- 4.1.Seguimento do Plan de Acción
- 4.2.Propostas de mellora (revisión)

## 5.Difusión do PD

## 1.Introdución

### 1.1.Datos básicos do centro

Trátase dun centro de titularidade pública, ubicado na localidade de Xanceda e pertencente ao concello de Mesía.

Os seus datos referenciais son os seguintes:

- ✓ *CPI de Xanceda*
- ✓ *Lugar Os Corrillos, s/n, Xanceda*
- ✓ *15685 - Mesía (A Coruña)*
- ✓ *Teléfono: 881880752*
- ✓ *Código do centro: 15020854*
- ✓ *Correo electrónico: [cpi.xanceda@edu.xunta.gal](mailto:cpi.xanceda@edu.xunta.gal)*
- ✓ *Páxina web: <http://www.edu.xunta.gal/centros/cpidexanceda/>*

No centro impártense 3 etapas educativas: Infantil, Primaria e Secundaria. Consta actualmente de 31 profesores-as e 168 alumnos-as.

### 1.2.Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O Centro está situado na parroquia de Xanceda, no concello de Mesía. É un C.P.I. (Centro Público Integrado), que acolle alumnos/as pertencentes aos Concellos de Mesía (na maioría) e Frades (da parroquia de Abellá), desde Educación Infantil de 3 anos ata 4º de ESO. Ademais incorpóranse os alumnos/as das escolas unitarias de Olas e Visantoña. Os seus habitantes son galego falantes, case na súa totalidade. Os alumnos/as deste Centro xeralmente optan por continuar estudos en Ordes ou en Curtis, e incluso en centros de A Coruña.

O concello de Mesía, está situado na cunca do río Tambre e pertence á comarca de Ordes na provincia de A Coruña. Conta cunha superficie de 107,10 km<sup>2</sup>, dividida en 12 parroquias, 11 dentro do termo municipal e unha, Bruma, situada fóra del, entre os concellos de Ordes, Abegondo e Carral. Esta zona ao igual que toda a comarca conta con abundantes precipitacións e néboas. As temperaturas son suaves no verán e frías no inverno, con abundantes xeadas e incluso nevadas.

Conta cunha poboación de 2.497 habitantes segundo o último censo do 2020. Segundo a gráfica da evolución demográfica, a poboación presenta un continuo descenso. A

poboación está distribuída de forma dispersa en 12 parroquias. A parroquia máis poboada de todo o Concello é Visantofña. O centro administrativo está na parroquia de Xanceda. Predomina o sector primario, cunha pequena parte da poboación empregada no sector secundario e terciario. A presenza do sector industrial está relacionada co aproveitamento do solo e dos produtos gandeiros. A existencia de terreos arxilosos provoca o xurdimento de varias telleiras, funcionando na actualidade dúas, adicadas á produción de ladrillo e tellas, cunha elevada produción. En canto ao sector gandeiro, a transformación do leite en produtos elaborados: queixo e iogures especialmente. O sector terciario non ten relevancia, sendo cubertos os servizos polos núcleos urbanos de Curtis e Ordes. A casa do Concello está situada no "Campo das Mentiras", na parroquia de Xanceda. É a institución encargada do mantemento do Centro. O Concello conta con Biblioteca Municipal na Casa da Cultura, a través da que se realizan cursos de animación á lectura, informática, teatro, etc, e ten contacto permanente co centro para a realización de actividades.

O Plan Dixital forma parte do Proxecto Educativo, aportando recursos e ferramentas dixitais para o proceso de ensino-aprendizaxe, así como para o funcionamento do centro; ademais de contribuír a unha mellora considerable da calidade do ensino. Así mesmo, nos últimos anos, a dixitalización do ensino forma parte das liñas de traballo do centro, contribuíndo deste xeito á alfabetización informacional que se pretende, neste caso, desde a implantación da plataforma Edixgal en 1º e 2º ESO e este curso 2021-2022 implantouse en 5º de E. Primaria e en 3º e 4º de Secundaria.. Nos últimos anos participouse en diferentes plans e proxectos da administración, destacando o PLAMBE, o Club de Lectura e o programa de voluntariado na biblioteca e tamén os Contratos Programa en varias modalidades.

O Plan Dixital, tamén é considerado na Programación Xeral Anual, xa que os obxectivos que se pretenden no mesmo forman parte tamén dos obxectivos que se pretenden acadar para cada curso académico.

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art.11bis, art. 121 e art. 132 da LO 2/2006 de 3 de maio, de Educación.
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-22.

- Resolución de 3 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital, nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, para o curso 2021-2022.

## 1.4. Proceso de elaboración

Para o proceso de elaboración do Plan Dixital formouse un Equipo no que se integran os membros do Equipo TIC do centro e o equipo directivo, sendo coordinador do mesmo o Coordinador TIC

Seguimos para a elaboración os seguintes pasos:

- Selfie: Todo o profesorado cunha antigüidade mínima de 1 ano no centro e o alumnado de E. Primaria (5º e 6º) e o alumnado de E. Secundaria (1º, 2º, 3º e 4º)
- Realización do TCDD, polo profesorado do centro e equipo directivo.
- Recompilación de datos, reflexión e DAFO.
- Deseño do Plan Dixital. Plan de Acción: Definir obxectivos e acción a seguir, así como establecer competencias de realización e prazos de avaliación dos obxectivos.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro educativo tivo unha traxectoria paulatina sobre a introdución das novas tecnoloxías. Nos últimos anos, tivo unha gran transformación a nivel tecnolóxico, tanto en recursos como na formación do profesorado. Sen embargo, analizando o avance da sociedade a nivel tecnolóxico, necesitamos seguir avanzando tanto na formación do profesorado como en recursos.

**A) Actualmente, os programas de innovación nos que participa o noso centro son os seguintes:**

- PLAMBE: O centro participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares case desde o seu inicio, levando a cabo unha serie de actividades que se desenvolven ao longo de cada curso, para todos os niveis educativos do centro
- Plan PROXECTA: Neste plan tamén se participou en cursos anteriores. O deste ano na modalidade "Aliméntate ben"- coordinado polo profesor de EF de Primaria.
- FOGGA- Engadido ao plan anterior, este curso, ao igual que en cursos anteriores, participouse no reparto de leite e froita na escola, durante os períodos previstos e coa participación de todo o alumnado.
- Contratos PROGRAMA:
  - ARCO, encamiñado ao reforzo do alumnado de 4º, 5º de E. Primaria, no primeiro trimestre deste curso 2021-22.
  - Emociona-T e Convive-T- para mellorar a educación emocional e a convivencia, coa participación de todo o profesorado e alumnado, levando a cabo talleres e actividades propostas polo Departamento de Orientación en colaboración co resto do profesorado.
  - PFP- Todos os anos se levan a cabo Plans de Formación no Centro. Este curso (2021-2022) con dúas liñas: Formación en Edixgal para o profesorado, e Elaboración do Plan Dixital do Centro.

**B) En canto as dotacións tecnolóxicas, o noso centro educativo conta co seguinte equipamento:**

- Ordenadores:
  - Un ordenador portátil en cada aula do centro.
  - Dúas aulas de informática con 16 ordenadores de sobremesa cada unha, todos aportados pola Consellería , outros portátiles adquiridos polo Centro.
  - A sala de profesores conta con 2 ordenadores, todos eles aportados pola Consellería.

- 3 ordenadores, que se atopan nos despachos de dirección, xefatura de estudos e secretaría, enviados pola Consellería, e outros 3 portátiles adquiridos polo centro.
- 2 ordenadores, aportados pola Consellería, e un portátil adquirido polo centro, que se atopan no despacho de administración do centro.
- 1 ordenador, dotado pola Consellería, que se atopa no despacho de Orientación do centro.
- En todos os departamentos hai ordenadores de sobremesa aportados pola Consellería.

Dos ordenadores existentes, unha parte moi importante estanse quedando obsoletos

- Pantallas dixitais:

O centro conta con 10 pizarras dixitais, unha delas adquirida polo Centro. As demais aulas contan con canón-proxector e pantalla.

- Actualmente hai 5 aulas con equipamento Edixgal, que serán seis para o vindeiro curso (2022-23).

- Tabletas:

O centro conta con 44 tabletas, adquiridas polo propio centro para o alumnado de E. Primaria (3º e 4º)

- Libros electrónicos: A biblioteca conta con algunha existencia.

- O centro conta actualmente cunha conectividade de fibra óptica.

- Por outra banda, o centro emprega a Aula Virtual dende primeiro ata sexto de Educación Primaria e tamén de 1º a 4º de Educación Secundaria.

- En canto aos servizos dixitais, unha parte do profesorado emprega o "Abalar móbil" para comunicarse coas familias e correo electrónico. As comunicacións a nivel centro, tamén se realizan dende "Abalar móbil" e desde a aplicación "tokapp".

- O centro conta cun plan TIC, actualmente sen actualizar.

- En canto á xestión e o mantemento do equipamento, o centro ten contratados os servizos dunha empresa con cargos ao apartado de Gastos de funcionamento do centro do orzamento anual que se percibe. Os servizos desta empresa son catro horas cada 15 días.

## 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Unha das fontes empregadas para a análise DAFO foi o test SELFIE. Este test de autoavaliación foi realizado en Educación Primaria polo 40% do equipo directivo, o 29% do profesorado e o 87% do alumnado; e en Educación Secundaria polo 60% do equipo directivo, o 42% do profesorado e o 107% do alumnado.

As conclusións obtidas despois da súa análise foron as seguintes:

### 2.2.1 Análise por Áreas

Areas	Grupos	Ensinanzas	
		Primaria	ESO
A -Liderado	Equipo Directivo	3,6	3,2
	Profesorado	3,6	2,8
	Alumnado		
B- Colaboración e redes	Equipo Directivo	2,9	3,2
	Profesorado	3,3	2,7
	Alumnado	3,9	2,8
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Directivo	3,6	3,3
	Profesorado	3,8	3,4
	Alumnado	4,7	3,8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Directivo	4	3,6
	Profesorado	3,5	3,5
	Alumnado		
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Directivo	3,7	3,3
	Profesorado	4,1	4
	Alumnado		3,9
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Directivo	3,4	3,1
	Profesorado	3,7	3,4
	Alumnado	4,2	3,4
G- Prácticas de avaliación	Equipo Directivo	3,2	3,1
	Profesorado	3,8	2,6
	Alumnado		3,2
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Directivo	3,3	3,2
	Profesorado	3,3	3,6
	Alumnado	4	3,4

No noso centro, tamén se levou a cabo o test CDD, os datos obtidos foron os seguintes:

### 2.2.2. Participación segundo perfil do profesorado



	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
<b>DEFINITIVO</b>	7	15	46,7%
<b>PROVISIONAL</b>	1	2	50%
<b>INTERINO</b>	4	10	40%
<b>SUBSTITUTO</b>	4	5	80%
<b>OUTROS</b>	1	1	100%
<b>DESPRAZADO</b>			

### 2.2.3 Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
73,6	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

### 2.2.4 Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<b>INFANTIL</b>	65,7	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
<b>PRIMARIA</b>	68,8	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
<b>ESO</b>	77,8	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)

### 2.2.5 Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
<b>A1</b>		
<b>A2 – Explorador/a</b>	6	35,3%
<b>B1- Integrador/a</b>	9	52,9
<b>B2 – Experto/a</b>	2	11,8
<b>C1</b>		
<b>C2</b>		
<b>TOTAL</b>	17	100%

## 2.3.Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras, realizamos unha análise DAFO de centro. As conclusións obtidas foron as seguintes:

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	<b>INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO</b>	C8 – C10 Dispositivos para o alumnado con acceso a internet e actualización dos mesmos. C2 – Dispositivos dixitais para o ensino.	• Conexión a internet mellorable.
	<b>PERSOAL DOCENTE</b>	D2 - Acceso a posibilidades de desenvolvemento profesional continuo nas tecnoloxías dixitais. E4 - Comunicación coa comunidade no referente ao centro educativo a través das tecnoloxías dixitais. F4 - Realización de actividades de aprendizaxe dixital que implican ao alumnado. F1 - Uso de tecnoloxías dixitais para a adaptación do ensino ás necesidades do alumnado.	G1 - Non se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar ao alumnado sexan competencias ou outras. G7 - O equipo directivo non o promove. A4 – Non hai tempo suficiente para que os docentes poidan explorar novas experiencias educativas dixitais. F6 - Non existe participación en proxectos interdisciplinares utilizando as tecnoloxías dixitais. B6 - Non existe cultura de traballo colaborativo en redes por parte do profesorado. H4 - O alumnado non aprende a verificar a calidade da información. H1 - O alumnado debe aprender a actuar de maneira segura en internet.
	<b>PERSOAL NON DOCENTE</b>	• Persoal administrativo con equipamentos axeitados.	
	<b>ALUMNADO</b>	H7-H8-H10 - O alumnado aprende a crear contidos dixitais e a comunicarse utilizando tecnoloxías dixitais e desarrolla habilidades dixitais en diferentes materias.	H2-H1 - O alumnado non aprende a verificar a calidade da información e debe aprender a actuar de forma segura en internet. H11-H13 - O alumnado non aprende a codificar ou programar, non aprende a resolver problemas técnicos.
	<b>FAMILIAS</b>	• Entenden a dixitalización do ensino coma un valor engadido necesario.	• Porcentaxe de familias que non dispoñen de competencia dixital. Non dispoñen de dispositivos TIC. • Porcentaxe de familias que non dispoñen de acceso de calidade a Internet. • Nivel de apoio/recursos das familias en relación ao eido dixital. • Nivel de apoio e recursos das familias en relación ao eido dixital.
	<b>OFERTA</b>	• Club de lectura: Promoción da lectura. en blogue, web e redes sociais ....	
	<b>ORGANIZACIÓN DO CENTRO</b>	• O equipo directivo promove o software libre no ámbito educativo. E4 – Comunicación coa comunidade no referente ao centro educativo a través de tecnoloxías dixitais.	

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	<b>ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA</b>	<p>D2 - Acceso a posibilidades de desenvolvemento profesional continuo no relativo ao ensino aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Programas da Consellería vinculados ás TIC como Edixgal.</li> <li>• Grao de implantación dos recursos dixitais para desenvolver as distintas tarefas administrativas e docente (comunicación, traballo colaborativo, avaliación cooperativa, aprendizaxe mixta)</li> </ul>	<p>C7- Insuficiente política de Protección de datos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Protección de datos: Como quedará trasposta cando remate a pandemia ás Instrucións do 14 de decembro de 2020 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería ... (Uso puntual de aplicacións non corporativas con fins didácticos)</li> </ul>
	<b>LEXISLACIÓN</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de apoio na lexislación.</li> </ul>
	<b>CONTORNA</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Colaboración co Concello (préstamo de materiais, instalacións, ...)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estabilidade da conexión a rede e velocidade da mesma.</li> </ul>
	<b>ANPA</b>		<ul style="list-style-type: none"> <li>• Non hai ANPA</li> </ul>
	<b>OUTRAS ENTIDADES</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Plan director. Ministerio do Interior: Ciberacoso, Internet e RRSS...</li> <li>• Plan Proxecta+: Aprendo programando, Meteoescolas, ...</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Existencia e participación en programas externos relacionados coas TICS (debido ao tema da protección de datos)</li> </ul>

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

<b>"Área/s de mellora": D- DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO</b>						
<b>OBXECTIVO-1 (1):</b>	Continuar coa formación do profesorado en Edixgal				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo directivo, coordinador TIC e coordinador Edixgal e equipo docente				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	% do profesorado que se forma en Edixgal					
<b>Valor de partida (3)</b>	% do profesorado con formación en Edixgal (Instrumento de medida: enquisa)					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	O 50% do profesorado participa na formación			31/03/2023		
<b>ACCIÓN A DESENVOLVER</b>						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
<b>AO1.1: solicitar formación dentro do PFPP</b>	- Equipo directivo - Profesorado	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.2: participar no curso de formación</b>	- Profesorado	31/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO1.3:</b>					Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

<b>"Área/s de mellora": G- AVALIACIÓN</b>						
<b>OBXECTIVO-2 (1):</b>	Mellorar a retroalimentación da avaliación mediante rúbricas na Aula Virtual - Edixgal				Acadado	
<b>RESPONSABLE:</b>	Equipo TIC				Non acadado	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)</b>	Nº de tarefas avaliadas con rúbricas na Aula Virtual (Instrumento de medida: enquisa)					
<b>Valor de partida (3)</b>	0 tarefas avaliadas con rúbricas					
<b>Valor previsto e data (4)</b>	30 tarefas avaliadas con rúbricas			31/06/2023		
<b>ACCIÓNS A DESENVOLVER</b>						
<b>DESCRICIÓN (5)</b>	<b>RESPONSABLES (6)</b>	<b>DATA PREVISTA FIN (7)</b>	<b>RECURSOS NECESARIOS (8)</b>	<b>SEGUIMIENTO DA ACCIÓN</b>		
				<b>VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)</b>	<b>ESTADO (10)</b>	
<b>AO2.1: solicitar formación dentro do PFPP</b>	Equipo directivo	30/10/2022			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.2: participar no curso de formación</b>	Profesorado	31/03/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
<b>AO2.3: avaliar tarefas con rúbricas dixitais dentro da aula virtual</b>	Profesorado	31/06/2023			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

### 3.2.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto ás necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas que o noso centro necesita para afrontar esta nova etapa na que nos atopamos e poder levar á práctica o redactado neste plan, recóllense na seguinte táboa, relacionando cada necesidade co obxectivo do PD para o que sería necesario.

	DOTACIÓN	NECESIDADE	FINALIDADE	OBXECTIVO
Equipamento	3 ordenadores de sobremesa	Nos despachos de dirección os equipos están obsoletos.	Optimizar o tempo para o bo funcionamento do centro e a consecución dos obxectivos.	1
Equipamento	10 robots educativos (M-bot ou similar)	No centro hai soamente 11 mbot e non é suficiente.	Consecución do obxectivo de iniciar ao alumnado na robótica.	2
	20 tablets	(para traballo do alumnado e outras se son necesarias para o uso cos robots)		
Equipamento	1 pantalla dixital interactiva	No centro non se dispón de ningunha para o departamento PT de Secundaria	Imprescindible para o alumando con necesidades específicas de apoio educativo.	2
Servizos dixitais	• Software mecanografía • Software de lecto-escritura on-line	Non se dispón de ningún	Imprescindible para a consecución do obxectivo.	2
Equipamento	2 ratos verticais	Nas aulas de PT e de AL non se dispón deste material.	Imprescindibles para o alumando con necesidades específicas de apoio educativo.	2
Equipamento	1 monitor interactivo	O centro non dispón de ningún para o depto. de PT de Secundaria	Necesario para o alumando con necesidades específicas de apoio educativo.	2

## 4. Avaliación do plan

En canto á avaliación do plan, o Equipo de Dinamización do Plan Dixital reunirase periodicamente para analizar e comprobar a evolución da consecución dos obxectivos previstos.

Levarase a cabo unha avaliación procesual que se realizará como mínimo unha vez ao trimestre. Para esta avaliación usaranse os instrumentos que se indican nas táboas dos obxectivos. Así, comprobarase o valor e o progreso de cada obxectivo e formularanse propostas de mellora, se fora o caso, co fin de reconducir a acción e poder acadar a consecución dos obxectivos segundo se temporizaron na organización inicial.

Ademais, ao final de curso realizarase unha avaliación final valéndose de cuestionarios sobre os indicadores que se pasarán ás persoas responsables de cada un deles.

Preténdese valerse da avaliación para formular propostas de mellora e establecer obxectivos de cara ao vindeiro curso escolar.

## 5. Difusión do plan

Por outro lado, seguindo o indicado na *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implantación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*, o plan será aprobado polo Consello Escolar no último trimestre do curso 2021/2022, unha vez oído o claustro.

Así, seguindo o anterior, no noso centro, levarase o plan á sesión do Claustro no mes de xuño e ao Consello Escolar na sesión ordinaria do mesmo mes para a súa aprobación, se procede.

Unha vez aprobado polo Consello Escolar, este Plan Dixital será difundido a toda a comunidade educativa a través da páxina web do centro.